***DENUNCIA URBANÍSTICA***

D/Dª ......................................................................., maior de idade, con DNI nº........................., con domicilio para efectos de notificacións en ..................................................................................................... CP................, municipio de ......................................., provincia de ........................., pon en coñecemento de Vde. os seguintes FEITOS:

**FEITOS DENUNCIADOS:**

1) Nas normas subsidiarias do Concello de Pontedeume Art. 3.4 apt b) recolle-se: "Se por ruina o demolición debidamente autorizada se pretende levantar novas edificacións, estas deberán manter a harmonia da rua ou zona na que se atopen, tanto en volume, niveis, materiais, procurando que estes non desentonen cos do resto do conxunto, pero podendo utilizar os medios e métodos modernos, e non creando unha falsa arquitectura sofisticada. Procurará-se harmonia nos tons, desbotando as cores chamativa
   A este respeto hai que indicar que no lugar desta edificación nova existia unha casa de duas plantas, en consonáncia co resto de casas que forman o primeiro tramo da Av. Dr. Vilanova

2) Só está permitido construir baixo e 2 plantas e a nova obra consta de baixo e 7 plantas.

3) Supera a áltura máxima permitida de 9 m.

4) Supera os 15 metros de profundidade, máximo permitido nas Normas Subsidiarias

5) Tamén supera en 1,20 m. a altura permitida na licenza.

6) Non respeita os voladizos que as Normas Urbanísticas fixan en 0.2 m. na 1ª planta e 1 m. nas restantes para a fachada que dá á Av. Dr. Vilanova. A edificación ten un voladizo de 1,60 sobre a Av.Dr. Vilanova, e 1,10 m. na fachada que dá á rua Porto, superior aos 0,50 m. que fixan as Normas Urbanísticas.

7) A edificabilidade supera nun 45 %, aproximadamente, á legal permitida. Cabe lembrar que todo aumento de volume deberá ser soliicitado e aprobado pola Comisión Provincial Delegada da Dirección Xeral do Património Artístico e Monumental da Xunta de Galiza, segundo consta nas Ordenanzas Urbanísticas do Concello de Pontedeume

| Estado de execución das obras:<br>*(Marque con X a casilla correspondente)*<br><br>X En execución<br>Rematadas | Licencia urbanística:<br>(Marque con X as casillas que correspondan)<br><br>Sen licencia municipal<br>Sen axustarse ás condicións da licencia<br>X Con licencia municipal |
|---|---|

**SITUACIÓN DAS ACTUACIÓNS DENUNCIADAS:**

| Emprazamento (lugar, rúa, praza, etc.)<br>Av. Dr. Villanueva, 1 | |
|---|---|
| Municipio: Pontedeume | Provincia: A Coruña |

**EXPEDIENTE: 04237**

**PRESUNTOS RESPONSABLES DAS ACTUACIÓNS DENUNCIADAS:**

| COMO PROMOTOR: | | |
|---|---|---|
| Nome ou razón social: | Domicilio: | |
| Código postal: | Municipio: | Provincia: |

| COMO PROPIETARIO: | | |
|---|---|---|
| Nome ou razón social: | Domicilio: | |
| Código postal: | Municipio: | Provincia: |

| COMO EMPRESARIO CONSTRUCTOR: | | |
|---|---|---|
| Nome ou razón social: | Domicilio: | |
| Código postal: | Municipio: | Provincia: |

| COMO TÉCNICO REDACTOR DO PROXECTO: | | |
|---|---|---|
| Nome ou razón social: | Domicilio: | |
| Código postal: | Municipio: | Provincia: |

| COMO TÉCNICO DIRECTOR DAS OBRAS: | |
|---|---|
| Nome ou razón social: | Domicilio: |

| Código postal: | Municipio: | Provincia: |
|---|---|---|

Documentación que se achega:
(Marque con X as casillas que correspondan)

- Plano de situación
- Fotografías das obras
- Informe técnico
- Outros documentos

Entendendo que calquer demora na actuación da Administración conleva un incremento dos danos producidos pola obra en cuestión, seria desexábel unha actuación urxente.

En virtude do exposto, e de conformidade cos artigos 114 e seguintes do Regulamento de disciplina urbanística, aprobado por Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, SOLICITA:

Que se adopten as medidas necesarias para a reposición da legalidade urbanística vulnerada e a sanción dos presuntos infractores, conforme á Lei de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e o Regulamento de disciplina urbanística

En Pontedeume, a ...... de ........................... de ........

Sinatura

***SR. XEFE DO SERVICIO DE URBANISMO E INSPECCIÓN TERRITORIAL DE A CORUÑA***

**Conselleria de Política Territorial, Obras Publicas e Vivenda.**
**Servicio Provincial de Urbanismo, Inspección territorial.**
**C/ Alférez Provisional, nº 1, 3º piso.**
***15006. A Coruña.***